



## **BASES DO CONCURSO DE CARTEIS DA FESTA DO TINTO RÍAS BAIXAS:**

### **I.- Obxectivo ou Finalidade do concurso:**

O Concello de As Neves convoca concurso de carteis con motivo da celebración da “**XVII FESTA DO TINTO RÍAS BAIXAS**”, que terá lugar os días 24 e 25 de xullo de 2023.

Este concurso ten como obxectivo deseñar o cartel da “Festa do Tinto Rías Baixas”, promovendo así unha das principais festas gastronómicas do Municipio.

### **II.- Participación:**

Poderán participar neste concurso tódalas persoas físicas ou xurídicas interesadas no mesmo, maiores de idade.

### **III.- Presentación e entrega**

As propostas deben presentarse nun formato físico e sen sinatura de autor/a, que limitará a súa identificación a un lema ou título da peza. O lugar de presentación é o enderezo do Concello de As Neves, Praza da Cristiandade num. 1, cp36440 As Neves Pontevedra

Deben acompañarse dun sobre pechado, cunha imaxe da obra en formato dixital TIFF, JPG, cunhas medidas mínimas de formato a partir de 15 x 20 cm, e cunha resolución de 300 ppp, unha breve explicación da obra, e os seguintes datos: nome, apelidos, D.N.I., enderezo, teléfono e correo electrónico.

### **IV.- Prazo de presentación.**

As Propostas deberán ser recibidas ata o día 03/07/23 no Concello de As Neves, Praza da Cristiandade, 1, C.P.: 36440 As Neves (Pontevedra).

### **V.- Características técnicas, Soporte e Material.**

Cada autor/a poderá participar cun máximo de 2 traballos, con material e técnica libres, manual, mecánica ou dixital, sempre que estes sexan orixinais e inéditos.

Os traballos deberán estar acoutados a unha medida entre 30 x 40cm. e 70x100 cm.

No caso de resultar gañador, o/a autor/a deberá aportar o correspondente soporte dixital co arquivo en Jpg ou TIFF que permita colocarlle os logotipos dos organizadores no momento da súa impresión física.

Nos carteis deberá incluírse o seguinte texto:

“**XVII FESTA DO TINTO RÍAS BAIXAS** ”

AS NEVES

24 e 25 de xullo de 2023.

### **VI.- Premios**

Establécense os seguintes premios:

1º Premio: 200,00 euros.

2º Premio: 100,00 euros



Cada gañador/a só pode levar un único premio, no caso de pertencer ao mesmo autor/a varias pezas premiadas, o premio pasa ao seguinte cartel mellor valorado polo xurado.

## VII.- Xurado

Haberá un xurado composto por 2 representantes dos distintos ámbitos sociais e culturais do concello, e un membro da Corporación, nomeados pola Alcaldía e de cuxas deliberacións e conclusións se deixará constancia na acta que se levantará ao efecto.

O xurado valorará especialmente a creatividade, o impacto visual e a súa relación coa filosofía da Festa.

O xurado poderá deixar baleiros os premios se ningunha proposta acada a calidade esixida, ou rexeitar para o concurso aquelas que non se axusten ás bases.

O Xurado elevará ao órgano municipal competente a proposta de premios que corresponda outorgar.

Os premios faranse públicos nos medios de comunicación e nas redes sociais, indicando, cando menos, o nome e apelidos dos/as gañadores/as.

## VIII.- Traballos premiados

O Concello de As Neves, poderá efectuar cantas reproducións necesiten do cartel que obteña o primeiro premio e difundilo polos medios de publicidade que estime axeitado, sen que polo seu autor poda alegar dereitos ao respecto, podendo empregar a imaxe completa do cartel ou parte dela para realizar o material relacionado coa festa.

As propostas presentadas e premiadas co segundo premio ficarán en poder do Concello, podendo facer uso das mesmas para calquera evento que desenvolva, e podendo ser obxecto dunha exposición ou reprodución por parte do concello, sen que iso dea dereito a retribución algunha para os concursantes e, como no caso da proposta que obtivo o primeiro premio, podendo empregar a imaxe completa do cartel, ou parte dela, para realizar material relacionado coa Festa.

Do mesmo xeito, o Concello, poderá introducir algunha modificación nos carteis premiados se existira algunha dificultade técnica para a súa impresión ou para introducir algún texto ou logotipo que non figure inicialmente nas bases.

## IX.- Traballos non premiados

As propostas non premiadas poderán recollerse no Concello ata 60 días despois do fallo do xurado.

## X.- Publicidade

A convocatoria desde concurso e as súas bases publicaranse no **taboleiro de anuncios** do Concello e na súa **páxina web: [www.asneves.gal](http://www.asneves.gal)**

Os sucesivos anuncios relativos ao concurso publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web do mesmo.





Concello

**As Neves**

### **XI.- Normas finais:**

O feito de participar no concurso implica o coñecemento e aceptación por todos os concursantes das presentes bases.

Os órganos competentes, en cada caso, quedarán facultados para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do concurso, en todo o non previsto nestas bases.

O Alcalde- Presidente

**ASINADO ELECTRONICAMENTE NA MARXE**

